



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Anuncio nomeamento integrantes Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

O Sr. alcalde do Concello de Arzua, con data 13/07/2023, ditou o decreto n.º 500/2023, o cal foi rectificado con data 19/07/2023 polo decreto 512/2023, os cales se transcriben de seguido:

Descrición Decreto: NOMEAMENTO INTEGRANTES XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DON XOAN XESÚS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 19 de xuño de 2023 como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 28 de maio.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo alcalde-presidente e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación que é de trece, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Corresponde á alcaldía o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno.

Polo que no uso das atribucións legalmente conferidas, pola presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.–Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós/ás seguintes concelleiros/as:

1º D. José Luis García López.

2º Dª. Begoña Balado Conde.

3º D. Daniel Moscoso Sixto.

4º.-D. Miguel Angel Vallo Camba.

SEGUNDO.–Convocar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local para o mércores 19 de xullo de 2023, ás 13:00 horas, no salón de sesións do Concello de Arzúa.

TERCEIRO.–Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose ademais persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Descrición Decreto: RECTIFICACION ERRO DECRETO N.º 500/2023 DE DATA 13/07/2023 SOBRE NOMEAMENTO INTEGRANTES XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D. XOAN XESUS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Visto o decreto n.º 500/2023 de data 13/07/2023 relativo a nomeamento integrantes Xunta de Goberno Local

Visto que en dito decreto detectouse un erro con respecto a hora de celebración da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local que en vez de poñer 13:00 h. debería de poñer 19:00h.

En aplicación do artigo 109 da Lei de Procedemento Administrativo Común 39/2015 de 1 de outubro, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar dito erro sendo a hora da sesión constitutiva as 19:00 horas o mércores 19 de xullo de 2023.

SEGUNDO.- Dar conta o pleno desta rectificación.

En Arzúa, 20 de xullo de 2023

O alcalde

Asdo: Xoan Xesus Carril Ramos

2023/6048



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL ARZÚA

Anuncio periodicidade sesións Xunta de Goberno

ANUNCIO

O Sr. alcalde do Concello de Arzua, con data 13/07/2023, ditou o decreto n.º 495/2023, o cal se transcribe de seguido:

Descrición Decreto: PERIODICIDADE SESIÓNS XUNTA DE GOBERNO

DON XOAN XESÚS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Visto o artigo 112 do RD 2568/1986 de 28 de novembro en cuxo apartado 2 se establece “en defecto de previsión expresa no Regulamento orgánico da Entidade la Comisión de Goberno celebrará sesión ordinaria cada quince días como mínimo” visto que o Regulamento orgánico municipal sinala que celebrará sesión ordinaria cada quince días.

Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente sen considerar delegada a competencia desta Alcaldía para fixación da periodicidade das sesións da Xunta de goberno local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Que a Xunta de goberno celebre sesións ordinarias cunha periodicidade aproximada de quince días , que serán o segundo e cuarto mércores hábil de cada mes (de ser inhábil sería o seguinte día hábil a dito mércores), tendo en conta que por razóns de oportunidade e eficacia administrativa, poderase adiantar o u retrasar (excepcionalmente) a celebración destas sesións en catro ou cinco días, para que haxa unha marxe de tempo suficiente, co obxecto de preparar a documentación dalgún dos asuntos que vaian a ser tratados en ditas sesións, cando existan uns prazos limitados para remitir documentación xustificar subvencións .., sempre con motivación, co obxecto de non ter que celebrar poucos días despois a sesión ordinaria correspondente.

SEGUNDO.- Que en canto ao non previsto no Regulamento orgánico municipal respecto ao funcionamento da Xunta de goberno local sexa aplicado o RD 2568/1986 de 28 de novembro Regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídicos das entidades locais.

TERCEIRO.- Dar conta deste decreto na sesión constitutiva da Xunta de goberno así como no Pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación conforme o establecido no Regulamento orgánico municipal.

En Arzúa, 20 de xullo de 2023

O alcalde

Asdo: Xoan Xesus Carril Ramos

2023/6047



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL ARZÚA

Anuncio delegación atribuciones da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

O Sr. alcalde do Concello de Arzúa, con data 13/07/2023, ditou o decreto n.º 498/2023, o cal se transcribe de seguido:

Descrición Decreto: DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DON XOAN XESÚS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE Arzúa (A CORUÑA)

Constituída a nova Corporación municipal o 17/6/2023, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 23 de maio; visto decreto do Alcalde desta mesma data polo que se nomean os membros da Xunta de Goberno Local e convocáselles a sesión constitutiva.

Visto o disposto nos artigos 21.3 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; artigos 43.1.e 2; 44; 52; 53; 114 a 118 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Visto que o artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que correspóndelle a Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

No uso das atribucións legalmente conferidas, consonte cos artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 43.1, 44 e 114 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.—Delegar na Xunta de Goberno Local, de forma expresa mediante a presente resolución, as seguintes atribucións:

1.- O outorgamento de toda clase de licenzas competencia da alcaldía, agás as de ocupación de dominio público e as autorizacións de festas populares.

2.- As aprobacións de expedientes e adxudicacións das contratacións de obras, subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Todos os actos administrativos nos expedientes de contratación que non sexan de aprobación ou adxudicación deberán ser adoptados polos concelleiros con delegacións xenéricas por áreas segundo a materia dos contratos e de non encaixar nas delegacións en concellarías con áreas e delegacións xenéricas polo alcalde.

Exclúese desta delegación a tramitación e resolución de adxudicación dos contratos menores que serán tramitados e asinados por concelleiros/as con delegacións xenéricas segundo o contido das áreas xestionadas polas súas concellerías de non encaixar o obxecto da/s contratacións nas delegacións en concellarías sería a contratación menor competencia do Alcalde.

Exclúese tamén desta delegación a devolución de avais relacionados con expedientes de contratacións mantendo o Alcalde a competencia.

3.- A aprobación de facturas e certificacións correspondentes aos contratos de obras (non menores).

4.- A aprobación expediente contratación e acordos de adxudicacións nos expedientes de celebración de contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin

o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

Igualmente exclúese desta delegación a tramitación e resolución de adjudicación dos contratos menores.

5.- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

6.- Aprobación da liquidación do orzamento municipal.

7.- Aprobación da oferta de emprego público de acordo co Orzamento e cadro de persoal aprobados polo Pleno aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

8.- Aprobación de bases e a concesión das subvencións por concorrencia competitiva.

9.- Vista a Política de seguridade da información deste Concello de Arzúa publicada no BOP en data 10 de novembro de 2022 BOP número 213 aprobada na sesión ordinaria plenaria celebrada o 04/11/2022 a cal entrou en vigor o mesmo día de aprobación polo pleno :Para garantir o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e establecer a organización da seguridade da información, adaptada ás necesidades e particularidade deste Concello, tendo en conta a definición de roles na Política de seguridade da información do Concello publicada en BOP de 19/11/2022 sendo as funcións do responsable de goberno e supervisión do Alcalde.

Deleganse as funcións do ENS do rol de Responsable de Goberno e Supervisión na Xunta de goberno local do Concello de Arzúa que exercerá as funcións propias dun Comité de Seguridade.

SEGUNDO.—A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, debendo dar conta ao Pleno na primeira sesión que éste celebre con posterioridade á mesma e será notificada á Xunta de Goberno Local, para os efectos previstos no 114 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

En Arzúa, 20 de xullo de 2023

O alcalde

Asdo: Xoan Xesus Carril Ramos

2023/6044



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Anuncio competencias do Pleno a favor da Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Arzúa, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 19/07/2023, adoptou o seguinte **ACORDO**:

8. DELEGACIÓN COMPETENCIAS DO PLENO A FAVOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PRIMEIRO.—Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordiarios do presuposto do primeiro exercicio ou a contía sinalada.

4. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

5. A celebración de contratos privados así como a adxudicación de concesións sobre bens do Concello e a adquisición de bens inmoables e deritos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou o importe de tres millóns de euros.

SEGUNDO.—As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.

b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nos acordos que se adopten, en conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

d) O Concello Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

e) O Concello Pleno poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

TERCEIRO.—Este acordo adquire efectos desde o día seguinte ao da súa adopción e será publicada no Boletín Oficial da provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

En Arzúa, 27 de xullo de 2023

O alcalde

Asdo: Xoan Xesus Carril Ramos

2023/6234